

SUPOSTO 2

Brais divorciouse no ano 2013 de Helena. Ten dous fillos que segundo a sentenza de separación conviven coa nai. Convive con seu tío que ten 69 anos e foi incapacitado xudicialmente porque esquizofrenia e do que é tutor.

Percibe os seguintes rendementos do traballo:

Da empresa XXXX. 15.000 euros de ingresos, 1800 euros de retención e 900 de Seguridade Social.

Do Servizo público de Emprego 1800 euros de ingresos, retención 0 e gasto de Seguridade Social de 230 euros.

Tivo rendementos de letras do Tesouro por importe de 1200 euros.

Vendeu unha leira rústica que herdara da seu pai. O Valor de venda foi de 60.000 euros o 13 de marzo de 2013. A leira fora valorada no Imposto de Sucesións en 15.000 euros o 15-01-2012 cando finou o seu pai.

Brais paga 4.000 euros en concepto de anualidades por alimentos aos seus fillos.

Brais paga 5.000 de xuros e 4.000 euros de amortización de préstamo da vivenda onde vive a súa ex cónxuxe e os fillos. Paga 400 euros ao mes en concepto de aluguer da súa vivenda.

No ano 2013 contratou un novo servizo de internet.

Pídese:

Calcular o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Comunicación de datos ao pagador.

Presentou a Renda do 2013 a 15 de xullo de 2014. Consecuencias de esta presentación fora de prazo

O 20 de xullo presenta unha solicitude de aprazamento.